



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Sesión ordinaria do 27 de abril de 2010

<p>Asistentes</p> <p>Alberto Gago Rodríguez J. F. Gálvez Gálvez M<sup>a</sup> B. Vaquero Díaz Pedro Araújo Nespereira Miguel A. Michinel Álvarez Milagros Cavada Nieto Javier Rodeiro Iglesias Iago Fariñas Valiña Celso Caride Álvarez Arturo Rodríguez Sampayo</p> <p><b>Desculpan asistencia:</b> Elisa Alén González Enrique Barreiro Alonso José Antonio Fraiz Brea Pablo Pinés León Mercedes Suárez Pazos</p>	<p>No Salón de Graos do Edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes citados á marxe, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día 27 de abril de 2010, ás 13:00 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte</p> <p>Orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores (26/03/09 ordinaria e 05/11/09 extraordinaria).</li><li>2.- Informe do Presidente.</li><li>3.- Solicitudes de cursos de Extensión Universitaria.</li><li>4.- Solicitudes de axudas para a organización de actividades e para a dotación de material das asociacións estudantís.</li><li>5.- Rolda de intervencións</li></ol> <p><b>1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores (26/03/09 ordinaria e 05/11/09 extraordinaria).</b></p> <p>O profesor D. Miguel Ángel Michinel Álvarez advirte que assistiu á sesión ordinaria do Consello de Campus do 5 de novembro de 2009 e solicita ser incluído entre os asistentes. Subsanado o erro apróbanse as actas.</p> <p><b>2.- Informe do Presidente.</b></p> <p>O Vicerreitor do Campus de Ourense informa das seguintes cuestións:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1) Finalición das obras nos edificios que albergan as facultades do Campus.</li><li>2) As obras do campo de rugby e da pista de atletismo retrasáronse polas chuvias dos últimos meses.</li><li>3) A gardería do campus está adxudicada, o contrato asinado e os avais presentados de forma que a súa construción poderá iniciarse en breve.</li><li>4) A obra do parque do Campus Sur (DOGA do 20 de abril de 2010) está pendente de adxudicación e prevese que as obras comencen entre os meses de xullo e</li></ol>
---	--



	<p>setembro deste ano.</p> <p>5) Próxima finalización das obras do edificio de Xurídico-Empresariais.</p> <p>6) A convocatoria de Proxectos INOU presenta as seguintes novidades: Non se permitirá que os grupos de investigación se subdividan para solicitar varios proxectos Avaliaranse unicamente os currículos dos membros que poidan ser candidatos a Investigador Principal [Contratados Doutores, Parga Pondal...] En resposta ao prof. Miguel Ángel Michinel, o vicerreitor informa de que non é imprescindible que os solicitantes teñan adicación docente no Campus de Ourense pero si que o proxecto estea vinculado co desenvolvemento de Ourense.</p> <p>7) Presentación do proxecto do Edificio Administrativo do Campus.</p> <p><b>3.- Solicitudes de cursos de Extensión Universitaria.</b></p> <p>O vicerreitor informa que os cursos presentados non exceden a cantidade destinada á súa organización polo que poden ser aprobadas todas as solicitudes presentadas.</p> <p>Apróbanse por asentemento os seguintes cursos: <i>A fiscalidade sobre a renda das persoas físicas: liquidación do IRPF e do ISD</i> <i>Cata de viños, augardentes e licores</i> <i>Ferramentas de seguridade en GNU/Linux</i> <i>Curso práctico de metodoloxía arqueolóxica: rexistro e análise de xacementos e materiais</i> <i>Web 2.0 para empresas e negocios</i> <i>redes sociais: un novo modelo de comunicación</i> <i>Cine e televisión: cara e cruz</i> <i>O ciclo do entroido dende a perspectiva histórica e antropolóxica</i> <i>Curso de consultoría para a innovación e o emprendedorismo</i></p> <p>Apróbanse por asentemento os seguintes cursos unha</p>
--	---



	<p>vez subsanados ou xustificados os seguintes erros:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1) Xustificar adecuadamente ou modificar a data de celebración do curso <i>Planificación, extratexias e comportamento fiscal do contribuínte</i> posto que en decembro non é posible tramitar ningunha factura.</li><li>2) Xustificar adecuadamente ou modificar as retribucións dos docentes que superan os 100€ por hora impartida nos cursos: <i>O ensino do Dereito Romano e do Dereito Procesual no EEES</i> <i>Manuel Blanco Romasanta: historia e lenda</i> <i>A educación ambiental como ferramenta de protección da natureza</i> <i>Curso de consultoría para a innovación e o emprendedorismo</i> <i>Planificación, extratexias e comportamento fiscal do contribuínte.</i></li></ol> <p><b>4.- Solicitudes de axudas para a organización de actividades e para a dotación de material das asociacións estudiantís.</b></p> <p>Apróbase a solicitude de 3.000 € presentada pola asociación S.Y.M.E. para realizar o <i>Ciclo de xornadas medioambientais urbanísticas.</i></p> <p><b>5.- Rolda de intervencións.</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1) Aparcamentos do Campus: D. Arturo Rodríguez comenta a falta de regulamento e situación dos garaxes e aparcamentos do Campus e do de Xurídico-Empresariais. D<sup>a</sup> Milagros Cavada solicita un convenio co Concello de Ourense para reservar á universidade o aparcamento no perímetro do Campus Norte. O vicerreitor D. Juan Francisco Gálvez sinala que efectivamente é preciso un sistema anti-intrusión para controlar os aparcamentos e un regularmento que inclúa réxime sancionador. Os viais do campus Sur e o do lateral xa son da universidade pero utilízanos persoas de fóra da universidade. Daniel de la Torre é o comisionado para o control da circulación</li></ol>
--	--



	<p>viaria e aparcamento dos tres campus que está a traballar nos regulamentos e na posta a punto dos sistemas de control.</p> <p>D. Javier Rodeiro apunta que a mellor maneira de controlar os aparcamentos e garaxes é instalar un sistema de identificación de matrícula.</p> <p>O reitor D. Alberto Gago afirma que o réxime sancionador pódese implantar mediante a sinatura dun convenio co concello que autorice o uso da grúa en caso necesario.</p> <p>2) D. Iago Fariñas pregunta pola renovación do servizo de seguridade do Campus Sur.</p> <p>O vicerreitor D. Juan Francisco Gálvez responde que na contratación do servizo de seguridade se incluíu unha garda de 24 horas para o Campus Norte e outra para o Campus Sur.</p> <p>E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:45 h.</p> <p>O Presidente <span style="float: right;">A Secretaria Accidental</span></p> <p>Asdo.: Alberto Gago Rodríguez <span style="float: right;">Asdo.: M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz</span></p>